

## **ACTUALIZACIÓN DAS NORMAS XERAIS PARA APLICAR NOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS COMO CONSECUENCIA DO NOVO ESCENARIO ORIXINADO POLA PANDEMIA COVID-19.**

Coa finalidade principal de lles garantir a máxima seguridade sanitaria a todas persoas participantes nos procesos selectivos convocados pola Deputación Provincial de Pontevedra, e considerando as normas aprobadas ao respecto pola Comunidade Autónoma, establécense as seguintes normas:

1. As persoas aspirantes que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, que se lles diagnosticase a enfermidade e estean en illamento ou corentena polo contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada nos últimos 14 días non poderá acceder ao recinto no que teñen lugar as probas.
2. As persoas aspirantes que non se poidan presentar ao exame alegando sintomatoloxía de contaxio da Covid-19, é dicir, aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e estean en illamento ou corentena por contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada nos últimos 14 días ou en situación de confinamento obrigatorio, en cumprimento do principio de igualdade nos procesos selectivos, poderán optar a unha segunda convocatoria, nunha data que non altere o desenvolvemento normal do proceso. Neste caso, a persoa afectada, antes da data prevista para realizar o exercicio, deberá solicitar e comunicarlle ao tribunal, a través do correo electrónico de [persoal@depo.es](mailto:persoal@depo.es), a dita circunstancia, que deberá estar acreditada co informe facultativo correspondente. Na Sede electrónica da Deputación publicarase o anuncio da segunda convocatoria, o que tamén se lle notificará persoalmente por teléfono e por correo electrónico.
3. Os tribunais cualificadores sinalarán a data de realización do exercicio en segunda convocatoria nun prazo NON inferior a 14 días naturais respecto ao día no que tivo lugar ese exercicio.